



AMANDO SUÁREZ COUTO: UN RENOVADOR DA IMAXE

Celia Castro

1. Introducción

No primeiro terzo do s. XX, houbo unha renovación artística en Europa, que se estendeu tamén a España.

En Galicia concretamente unha xeración de xoves artistas sería protagonista disto, en colaboración con movementos literarios. Revistas culturais en España e América serían canles polas que a cultura e as novas ideas se transmitirían e propagarían. Fundaríanse sociedades e asociacións culturais, e os Centros Galegos serían auténticas arterias que aglutinarían os artistas e serían tamén lugares de acollida para eles e as súas familias nos momentos críticos. Castelao, Souto, Maside, Castro Gil, Camilo Díaz Baliño, Álvaro Cebreiro, Carlos Sobrino, e Amando Suárez Couto serán algúns dos nomes máis destacados.

Moitos deles pertencían ou estaban relacionados co Partido Galeguista, fundado en 1931 por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, dentro do cal había varias tendencias, e foron fundadores ou cofundadores de revistas culturais de vangarda, como *Ronsel* ou *Céltiga* (editada en Bos Aires).

En contacto cos novos movementos artísticos europeos -especialmente en Alemaña e Francia- moitos dos nosos artistas, algúns deles residentes na capital de España, farán obras de gran calidade, que mostrarán a influencia destas vangardas.

No terreo da ilustración e o gravado isto é especialmente relevante, e nel destaca, xunto con Castelao, a figura do pintor ribadense Amando Suárez Couto, considerado pola crítica contemporánea un dos mellores debuxantes europeos.

2. Amando Suárez Couto. A súa traxectoria



Fig. 1. Retrato de Suárez Couto. M. Fons. Debuxo a lapis. Do libro *El Arte Racial de Suárez Couto*. Ed Ronsel. Lugo. 1925.

Amando Suárez Couto naceu en Ribadeo o 4 de maio de 1894. Foi o maior dos seis fillos do matrimonio formado por Juan e Amadora. Nesta vila realizou os seus primeiros estudos mostrando xa unha clara inclinación polo debuxo. Máis tarde os seus pais decidirían pasar os invernos en Madrid, sendo isto decisivo na súa formación. Alí asistiu ao colexio de los Santos Reyes, de orientación liberal, na liña da Institución libre de Enseñanza, baseada no *krausismo*. Matriculouse na Escola de Artes e Industrias de Madrid, seguindo os consellos dos seus pais, que consideraban este centro, de orientación máis práctica, menos tradicional que a Escola de Bellas Artes de San Fernando, ancorada nuns principios máis clásicos. Alí tamén asistiu ao obradoiro do pintor Marceliano Santamaría.

Axiña tomou contacto cos importantes debuxantes e ilustradores do momento, como Manuel Bujados, Rafael Penagos ou Federico Ribas, que lle animaron a colaborar con diversas publicacións: *La Esfera*, *Blanco y Negro*, *Por esos mundos*, para as que faría debuxos. Tamén ilustrou novelas e contos de Saturnino Calleja, e fixo as súas primeiras incursións no mundo da publicidade, destacando os anuncios para a firma de perfumería *Floralía*.

É o seu un debuxo seguro de trazo áxil e expresivo, de grande imaxinación e dinamismo, influenciado pola estética do momento, *Modernismo*, *Art Decó*...

Durante o verán trasladábase coa súa familia a Ribadeo, participando na vida local e tomando parte en diversas actividades. En 1913 fundou con outros amigos (Bustelo, Cuervo...) o *Club Deportivo Ribadense*, xerme do futuro Ribadeo F. C. Tamén desenvolvería unha importante faceta musical -que mantería ao longo de toda a súa vida- formando parte de tunas nas que ás veces tocaba o violín.

En 1921, ano no que fai varias ilustracións para o tomo de *El Naviero Más: Los Signos* e no que tamén colabora coa portada Gregorio Vicente, emprendeu a súa primeira viaxe a París -mais tarde (1924) faría outra- que lle serviu para tomar contacto coas vangardas artísticas europeas que confluían na capital de Francia, e tamén para enriquecer a súa obra, e decidirse a mostrala ao público. Así, expuxo na capital de España, no Ateneo -1923- e no Centro de Galicia,

participando tamén en mostras colectivas como a Terceira Exposición de Arte Galega (A Coruña -1923) e a do Ano Santo de 1926 (Santiago de Compostela) entre outras, e nas Galerías Layetanas de Barcelona.

Con todo, aínda que a súa arte é poderosamente imaxinativa, onde se ve un espírito máis xenuíno é nos debuxos e cadros de tema galego que fai nesta época e que seguirá facendo ao longo da súa vida. Trata temas populares da vida cotiá, paisaxes típicos, tipos do país na liña de Castelao, de quen era amigo, isto e o seu contacto co galeguismo fai que sexa considerado dentro dos *Renovadores* da arte galega, tendencia que agrupaba a unha serie de artistas (Carlos Maside, Arturo Souto, Manuel Colmeiro, Alfonso. D. R., Castelao, Camilo Díaz Baliño...), que se baseaban nun forte sentimento de galeguidade, nutríndose tamén da arte de vangarda.

En 1925 Evaristo Correa Calderón publicou en Lugo, na editorial Ronsel, *El Arte Racial de Suárez Couto*, con 16 reproducións de cadros ao óleo e debuxos, no que fai un esbozo biográfico do pintor, considerando que é o artista que mellor plasma a alma galega. Entre as imaxes do libro está *O Mariñán do Eo*, debuxo a plumiña que foi publicado por primeira vez en 1924, no número 4 da revista *Ronsel*. Nel representa a un xove mariñeiro de Ribadeo, na mariña lucense. Con poucos trazos consegue caracterizar o personaxe, ao que representa cunha expresión concentrada e a mirada perdida, ollando ao lonxe. Ao fondo a ría, na que se ve ao lonxe unha chalana de vela latina.

Esta síntese, sinxeleza de liñas, captación da fisonomía e carácter do personaxe, será unha característica da súa obra durante toda a súa vida.

En 1927 colaborou coa revista *Céltiga*, editada en Bos Aires, e co *Almanaque Gallego* dese mesmo ano¹, que reproducíu o seu óleo *El cura de aldea -O crego-*.

¹ O *Almanaque Galego* foi unha publicación anual editada en Bos Aires entre 1898 e 1927. Maiormente o seu contido trataba sobre a cultura e a vida galega. Os textos ían indistintamente en galego e castelán. As súas fotografías e ilustracións son obra maiormente de artistas galegos. Fernando Álvarez de Sotomayor, Modesto Brocos, e Dionisio Fierros son algúns dos artistas cuxa obra aparece reproducida nas súas páxinas.



Fig. 2. O mariñán do Eo. Suárez Couto. Debuxo a plumiña. Revista Ronsel. Nº 4, p. 35.

Nestes tempos, o artista desenvolve unha grande actividade, ás exposicións e publicacións en revistas súmanse as actividades de filantropía e colaboración social desenvolvidas principalmente en Ribadeo co seu irmán Carlos e outros amigos con inqueданzas: o coro *Cantigas da Mariña*, onde el mesmo tocaba a gaita, e deseñou os traxes e os decorados axudado polo seu amigo Camilo Díaz Baliño; A Cabalgata de Reis, xunto con outros ribadenses como Gregorio Sanz ou Santiago Heydeck, co propósito fundamental de que os nenos con menos recursos recibiran agasallos. Suárez Couto colaborou no deseño do vestiario e o *atrezzo*. En 1927 creou, con Gregorio Sanz, Cisneros, Ponceliz e outros, co asesoramento de Camilo Barcia Trelles, a Biblioteca Popular Circulante de Ribadeo -como moitas outras que se estaban a crear en España- para achegar así a lectura a todos os públicos.

Con Camilo Díaz Baliño compartiría en 1929 o encargo da Deputación de Lugo de facer uns carteis para dar publicidade a lugares da provincia. Suárez Couto fai o de Mondoñedo, mostrando unha vez máis as grandes dotes que tiña para o debuxo, o deseño e a publicidade.




Fig. 3. Cartel de Mondoñedo. Suárez-Couto. Tempera sobre cartón, 1929, 125,7x99,2 cm. Museo Provincial de Lugo.

O tema trata dunha vista da estrada que conduce a Mondoñedo, que se ve ao fondo, facendo unha cota do espazo, cun encadre case fotográfico tomado desde un punto de vista alto, centra así a ollada do espectador na estrada e na árbore. A cor, con poucas sombras feitas estas con pequenos trazos paralelos, está na liña dos modernos carteis publicitarios, e tamén o tratamento da paisaxe con poucos elementos representativos. Mostra así Suárez Couto a súa habilidade para o deseño, habilidade que terá ocasión de mostrar ao longo da súa traxectoria.

En 1929 viaxou de novo a París, tomando contacto coas vangardas artísticas. De alí viría contagiado do que se estaba a facer na capital do Sena polos artistas de todo o mundo. Cubismo, surrealismo, expresionismo influíron na súa obra dando por resultado unha serie de cadros que exporá á súa volta en Madrid (*Xogadores de xadrez; Nena da guitarra; Caseta de Tiro; Mineiro*), e sen embargo non gustan ao público madrileño, posiblemente por non ser comprendidos. Quizais por isto, abandona por un tempo a pintura, achegándose ao gravado. Entre as novas tendencias da ilustración, o gravado tiña un papel preferente, e dentro deste, a xilografía. Isto sucedía en todo o territorio nacional, e especialmente en Galicia. Era unha forma de achegamento a tempos pasados e os trazos ríxidos e claros na superficie da madeira eran moi propios para as imaxes dos libros. Así, en 1931 fixo as xilografías, en madeira de buxo, para o libro *Ribadeo Antigo* escrito polo ribadense Francisco Lanza (que emigraría á Argentina ese mesmo ano) e editado en Madrid coa axuda do seu irmán Carlos. Foi un proxecto financiado polos dous irmáns desinteresadamente. Dito libro é unha breve e documentada historia de Ribadeo, para a cal Amando fixo un gran traballo de busca e investigación, relacionando cada ilustración coa pasaxe histórica correspondente. Nos gravados que encabezan cada capítulo (29), nos *incipit* (iniciais de comenzo de páxina), nas ilustracións do interior e na portada, o artista fai unhas imaxes claras, de liña rotunda, con sombreados feitos a base de pequenos trazos paralelos, e tendendo á bidimensionalidade, seguindo as liñas das xilografías medievais.



Fig. 4. Ilustracións do libro *Ribadeo Antigo*. A. Suárez Couto. Xilografía. Libro impreso en Madrid en 1931.

Nesta época montou co seu irmán Luís unha granxa de polos na localidade madrileña de Vicalvaro, onde coñeceu ao doutor Julio Camino Galicia -irmán do poeta Luis Felipe e eminente psiquiatra- e á súa familia. En 1936 casou con Margarita, filla maior do doutor. A Guerra Civil truncaría a súa vida e a súa carreira. Durante a contenda a súa granxa subministraba de víveres á capital, polo que foi pechada tras gañar o bando franquista. Con todo mantivo aberta a fábrica ata 1945, producindo para o consumo propio. En 1945 regresaría a Madrid, onde as condicións de vida eran difíciles, por iso tivo que sobrevivir dando clases particulares e facendo pequenos traballos artísticos. Traballaría no departamento publicitario da Metro Goldwin Mayer, facendo os carteis publicitarios das súas películas, tarefa na que encaixaba moi ben pola súa formación artística. O seu dominio da liña e a pureza da cor, intensa e sen apenas claroscuro, influiría na súa obra posterior, dándolle a esta un toque de modernidade. Esta actividade e a amizade co gravador galego Manuel Prieto Nespereira -con que compartía estudo- animouno de novo a pintar e expoñer a súa obra. Así en 1945 exporía no Instituto Británico de Madrid e na sala Fortuni de Reus, participando tamén na mostra de Arte Taurina de Zaragoza. Tamén ese mesmo ano enviou varias obras á Exposición Nacional

de Bellas Artes: dous cadros, *Retrato de un músico* e *Paisaje de la Mariña* e dous debuxos a plumiña: *El Médico y la Muerte* e *Job*.



Fig. 5. As tentacións de Xob. Amando Suárez Couto. Tinta sobre papel. 27X20 cm. Colección particular. Fotografía tomada pola autora de copia do orixinal.

As *tentacións de Xob* é unha das plumiñas que realizou entre 1920 e 1930. Esta técnica facilita a lixeireza do trazo que en Suárez Couto xa é por si moi dinámico. É unha obra próxima ao simbolismo e chea de imaxinación e a sobrecarga de elementos e o *horror vacuo* que presenta non lle restan encanto nin a fan escura. O corpo de Xob traza unha diagonal, que se contrapón coa que describe a figura do demo. Este, cun sorriso malévolo réstalle dramatismo á escena dándolle un sentido máis anecdótico. Veremos moitas veces na súa obra un detalle humorístico que atrae a atención do espectador dándolle vida á composición. A atención ao pormenor e o emprego do claroscuro,

para resaltar os elementos máis relevantes, fan desta plumiña un dos seus traballo máis representativos.

Esta estancia en Madrid sería para el especialmente fértil, expoñendo en 1946 de forma individual na sala Macarrón de dita cidade e facendo diversas actividades artísticas, entre elas traballos no campo da escenografía teatral. Destacan os decorados e deseño de traxes e *atrezzo* para unha obra baseada nos relatos de *Calila e Dimna*.

O seu gusto pola ilustración e o carteis reflectiranse tamén nos seus cadros ao óleo, nos que nunca se desprenderá deses contornos puros e esas formas gráciles tan de moda nos anos trinta.

O retrato da súa dona Margarita Camino, unha obra chea de suavidade e delicadeza, recórdanos as modelos femininas de Penagos ou as mulleres estilizadas dos cartóns para tapices de Francisco de Goya.



Fig. 6. Margarita Camino. A. Suárez Couto. Óleo sobre lenzo. Colección particular.

É un retrato dunha grande elegancia, na liña dos pintores ingleses. O formato de tres cuartos subliña a finura da modelo á que destaca sobre un fondo neutro, indefinido, coa ollada soñadora, perdida, nun punto que transcende ao cadro. O cromatismo, case uniforme, dálle unidade e graza ao conxunto.

En 1951 regresou coa súa dona a Ribadeo, onde seguiu pintando e colaborando na vida cultural da vila ata o ano 1953, en que o falecemento de Margarita desencadeoulle unha profunda tristeza da que conseguiu repoñerse grazas á axuda dos seus parentes e amigos. Para animarse e sosterse economicamente comezou a dar clases de debuxo no Instituto de Ribadeo e na Academia Santo Tomás de Aquino e volveu pintar e a participar nas diversas actividades culturais e de mecenado, para el tan importantes.

Desta época son unha serie de cadros de paisaxes e escenas ribadenses. A miúdo repite temas tratados anteriormente, engadíndolles algún detalle novo, ou variando algo a composición. Amósanos un Ribadeo sereno, case bucólico, no que parece que a vida se detivo. Son cadros cheos de lirismo e sentimento, intemporais, pero que tamén amosan a un artista de ollada sagaz e analítica. O tratamento da cor, intensa, brillante e as máis das veces uniforme pode ser reminiscencia do seu traballo na Metro Golwin Mayer, pero tamén pode ser a entrada nunha etapa serena e contemplativa, na que o contorno máis próximo lle serve de inspiración.

Pinta o que lle rodea, o contorno natural que ten preto, a ría, o mar, as rúas e a xente que transita por elas, mariñeiros, labregos, xente do pobo á que plasma con simpatía. Ás veces toma diferentes elementos da paisaxe, e combínalos á súa maneira, creando escenarios que aínda que inspirados na realidade corresponden exactamente a un lugar concreto.

Nestes anos participará en diversas actividades filantrópicas ribadenses:

En 1954 xunto con Carlos Álvarez e Fernández-Cid organizou a Coral Polifónica Ribadense que se presentaría oficialmente nesta vila o 20 de xullo 1955. Participou na creación da Biblioteca pública El Viejo Pancho, que se inaugurou oficialmente en 1957 e

tamén deseñou os espazos, o mobiliario e pintou, *in situ*, sobre táboa o enorme retrato do personaxe que lle dá nome: El Viejo Pancho(D. José María Alonso y Trelles Jarén), ribadense de nacemento e gloria nacional das letras en Uruguai.

Xunto co seu irmán Carlos, cara a 1958 creou o grupo de gaiteras Saudade, coñecido posteriormente como Meniñas da Saudade, que se presentaría en 1960 e que acadaría grandes éxitos nacionais e internacionais ata a súa disolución en 1965. A súa irmá Amadora seleccionou as pezas a interpretar e ela mesma compuxo varias. Os traxes das intérpretes, -moitos deles inspirados nos representados nas obras do pintor Dionisio Fierros-, foron deseñados e confeccionados pola mesma Amadora e a súa sobriña Matilde García de Paredes. Todo iso, ademais dos instrumentos musicais, foi subvencionado polos irmáns Suárez Couto case integramente.

Tamén co seu irmán Carlos e outros amigos creou en 1962 a sociedade Amigos da Gaita Galega, para potenciar o folclore galego e a romaría tradicional no preto monte de Santa Cruz. Neste monte decidiron levantar un monumento ao Gaitero Galego, que lle encargaron ao escultor ourensán Antón Faílde. Ata hoxe séguese a celebrar en agosto a romaría de Santa Cruz (Xira) , na que se dan cita grupos folclóricos chegados de diversos lugares de Galicia.

Amando Suárez Couto faleceu en Ribadeo o 14 de outubro de 1981. Ata uns anos antes da súa morte seguiu pintando e debuxando con entusiasmo, deixando un legado artístico e filantrópico que permanece, transcendendo no tempo.

3. Conclusión

Con ese artigo quero render homenaxe ao artista Amando Suárez Couto, a quen tiveren a honra de coñecer e de ter como profesor na Academia Santo Tomás de Aquino de Ribadeo. Os seus dedos eran máxicos. Aínda que naquel tempo xa era un home de idade, baixo o seu lapis xurdían toda serie de obxectos, paisaxes e figuras humanas cunha facilidade asombrosa. O seu trato cordial e a súa humildade fixeron del, un dos nosos profesores máis queridos.

O tempo, que pon a cada un no seu lugar, fixo que foramos coñecendo o seu papel na arte e na cultura galega. O primeiro terzo do s. XX ata a Guerra Civil foi un período de asimilación, polos nosos artistas, das correntes de vangarda triunfantes en Europa. Ademais, en campos nos que o debuxo é fundamental como é o gravado e a ilustración, asistíuse a un auxe e a unha renovación de formas como non volveríamos ver en España, ata os anos 50. É importante coñecer o papel que xogaron estes autores na difusión e transformación da estética, que foi un punto de partida para as xeracións posteriores. Ademais, a súa proximidade á terra, o seu amor polo cotián e polo entorno foi, coa obra dos nosos escritores, moi influínte na difusión e o coñecemento de Galicia.

Bibliografía

Castro Fernández, C., (2002). Dos Pintores del Eo: Amando Suárez Couto y Benito Prieto Cosén. En: *Torno al Bimilenario del Eo* (Coord J. M. Gómez Tabanera). Oviedo: Foro Cultural del Noroeste, pp. 611-618.

Correa Calderón, E., (1925). *El Arte Racial de Suárez Couto*. Lugo: Ed Ronsel.

Pérez Rodríguez, M^a. A., (1999). Amando Suárez Couto. En: *Artistas Gallegos-Pintores- Regionalismo III*. Vigo: Nova Galicia Edicións, pp. 18-55.